

O mellor resultado dos últimos 14 anos

EROSKI OBTIVO UN BENEFICIO DESPOIS DE IMPOSTOS DE 105 M€ NO 2021

- O *ebitda* do grupo elevouse a 261 M€
- O negocio alimentario consolida a súa mellora de vendas e resultados respecto a niveis prepandemia
- No 2021 EROSKI reduciu a súa débeda financeira en 443 M€ ata situala por baixo dos 1.000 M€
- A cooperativa matriz, EROSKI S.Coop., pechou 2021 cun resultado positivo de case 59 M€

Elorrio, 4 de maio do 2022.- O grupo [EROSKI](#) pechou as contas do exercicio 2021, a 31 de xaneiro do 2022, cun resultado positivo de 104,61 millóns de euros. Trátase do mellor resultado dende o 2007. O *ebitda* do grupo alcanzou a peche do 2021 os 261 millóns de euros, situándose en liña coas cifras dos últimos exercicios prepandemia.

As vendas brutas superaron os 5.116 millóns de euros, un 4,8% menos respecto ao excepcional 2020, no que o confinamento ocasionou un importante aumento do consumo alimentario no fogar. Os negocios afectados polas restricións de mobilidade e apertura, aínda vixentes en parte do 2021 -como as gasolineiras, axencias de viaxes, tendas de deporte ou establecementos en zonas onde o turismo ten un importante impacto, como Baleares- non alcanzaron os niveis de vendas previos á pandemia. En contraste, destaca a evolución positiva do negocio alimentario, que presentou unha mellora do 1% respecto a niveis prepandemia. Ese bo comportamento das vendas tamén se trasladou á canle *online*, que consolidou unha parte importante do incremento do uso desta canle que se producira durante o 2020 como consecuencia dos cambios de hábitos de consumo provocados pola COVID-19.

"O exercicio 2021 foi netamente positivo. Presentou certa tendencia á recuperación dos hábitos de consumo previos á pandemia, malia a que non se poida considerar un exercicio normalizado por mor de estar aínda marcado parcialmente por ela, o que afectou de maneira negativa especialmente os nosos negocios non alimentarios. O máis salientable é que o negocio de alimentación consolidou a súa evolución positiva con cifras de crecemento respecto a niveis pre-COVID. Polo tanto, o desempeño foi favorable, o resultado ordinario mantén a tendencia positiva dos últimos exercicios e confirma a melloría da nosa competitividade", afirma o presidente do grupo EROSKI, Agustín Markaide.

Beneficio operativo superior aos 185 M€

Impulsado pola implementación de diversos proxectos centrados nas melloras de eficiencia e produtividade, o beneficio operativo corrente do grupo rexistrou un resultado de 185,5 millóns de euros, malia a verse impactado polo acelerado e

EROSKI

Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

elevado crecemento dos custos enerxéticos que nos últimos meses do exercicio afectou o recibo de fogares e negocios. Unha circunstancia que elevou a factura eléctrica do grupo en 28 millóns de euros extra. Así e todo, a cifra de beneficio operativo corrente alcanzado supón repetir unha ratio sobre as vendas similar á que o grupo alcanzou no exercicio precedente á pandemia.

Ritmo de expansión e investimentos máis activo

EROSKI continuou a reforzar o seu liderado nas rexións do norte de España (dende Galicia a Baleares), onde concentra os investimentos en novos establecementos propios e na transformación da súa rede de tendas. A súa cota na zona norte do mercado español alimentario mantense como unha das máis elevadas do sector, por riba do 12%. Ademais, EROSKI incrementou a súa presenza no resto das rexións a través da apertura de novas tendas franquizadas. Así, no 2021 inaugurou 77 establecementos (entre propios e franquizados) e acometeu a renovación de 141 tendas da súa rede comercial.

No eido corporativo, ao longo do exercicio 2021 culminouse a entrada de EP Corporate Group como socio na sociedade Supratuc 2020, a sociedade que engloba os negocios de EROSKI en Cataluña e Baleares. Unha alianza xa plenamente operativa e que supuxo un reforzo ao proxecto do grupo e o relanzamento dos investimentos en ambas as dúas áreas xeográficas.

Ademais, durante a primeira metade do 2021 EROSKI inaugurou a plataforma de produto fresco de Júndiz, en Vitoria-Gasteiz, logo dun investimento de 20 millóns de euros. Un fito que, xunto á posta en marcha da plataforma de frescos de Caprabo na ZAL Port de El Prat de Llobregat a finais do 2020, e mais ao arranque da construción da nova plataforma de distribución de produtos frescos de Vegalsa-EROSKI en Sigüeiro (A Coruña), a finais do 2021, permite culminar o redeseño do seu mapa de plataformas de frescos da zona norte. Iso posibilita ao grupo evolucionar cara a unha rede loxística *"eficiente e sostible, clave para a estratexia de EROSKI arredor do produto fresco e local, que ademais nos permite mellorar a sustentabilidade ambiental e económica da cadea de valor"*, explica o presidente de EROSKI.

Igualmente, a finais do exercicio, EROSKI inaugurou no barrio de Lakua-Arriaga en Vitoria-Gasteiz o supermercado enerxeticamente máis sostible de toda a súa rede. Un proxecto innovador que deu reducido nun 50% o consumo de enerxía con respecto a unha tenda estándar, e co 100% da enerxía que utiliza de orixe renovable. Este proxecto encádrase no compromiso de se converter nunha empresa con cero emisións netas de gases de efecto invernadoiro no 2050, que EROSKI fixo público en xullo do 2021.

Débeda financeira normalizada

No exercicio 2021 EROSKI reduciu a débeda financeira en 443 millóns de euros, ata deixala nun saldo de 953 millóns de euros, co que suma unha redución total de débeda de 2.470 millóns de euros dende o 2009. *"Cumprimos cos nosos obxectivos de amortización de débeda fixados para finais do 2021 mesmo nun importe*

EROSKI

Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

superior ao previsto, situando a nosa débeda financeira bancaria por baixo dos mil millóns. A redución de débeda nestes anos foi moi notable; e finalmente alcanzamos niveis razoables de apancamento financeiro", afirma Agustín Markaide.

Forte impulso á solidariedade, 17 M€ canalizados a acción social

O grupo EROSKI reforzou notablemente a súa actividade solidaria no 2021 e canalizou 17 millóns de euros a proxectos con fins sociais, entre os que destacan a colaboración cos bancos de alimentos e o apoio aos damnificados pola erupción do volcán na illa de La Palma. O 56% desa cantidade achegouna EROSKI e o 44% restante achegárona clientes e institucións.

A cooperativa obtén 59 M€ de beneficio

Pola súa banda, a matriz cooperativa EROSKI S.COOP. presentou un resultado positivo de 58,7 millóns de euros, malia ao impacto extraordinario de 9 millóns de euros na factura enerxética.

Ademais, EROSKI incorporou 629 persoas como socios cooperativistas no 2021, o que eleva a cifra total de socios traballadores da cooperativa matriz, ao peche do pasado exercicio, a 9.058 persoas.

Liñas extractadas da CONTA DE RESULTADOS CONSOLIDADA GRUPO EROSKI En millóns de euros		
	31/01/2022	31/01/2021
VENDAS BRUTAS (con IVE)	5.116	5.376
EBITDA	260,83	332
BENEFICIO OPERATIVO *	185,5	253
RESULTADO DESPOIS DE IMPOSTOS	104,6	-77,56

* Antes de resultado de vendas de inmovilizado, actividades non correntes, deterioracións, financeiros e impostos.

Sobre EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e un dos líderes do norte do mercado español (Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares), cunha cota superior ao 12% nese mercado. A súa rede comercial elévase a 1.646 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash & carry; amais de gasolineras, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de equipamento deportivo e o seu supermercado *online*. Ademais, conta tamén con máis de 6 millóns de Socios Clientes e con máis de 33.000 socios cooperativistas, traballadores e franquizados.

EROSKI

Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)